



DECLARACION INSTITUCIONAL PROPOSTA POR TÓDOLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS APROBADA POR ASENTAMIENTO NO PLENO DE HOXE, 24 DE NOVIEMBRO

No ano 2000 a Organización das Nacións Unidas decide declarar o 25 de novembro como Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, por constituír unha vulneración flagrante dos dereitos humanos e unha das manifestacións máis brutais da desigualdade que aínda persiste na nosa sociedade.

Loitar contra ela, combatila ata a súa desaparición, debe converterse nun compromiso social de máxima prioridade. Trátase dunha cuestión de dereitos humanos e de disfrute de liberdades fundamentais.

O Parlamento de Galicia non quere ficar á marxe da significación desta data, manifestando que a violencia que se exerce contra as mulleres derívase da súa discriminación social, constituíndo un fenómeno social con plasmación nos diferentes ámbitos da vida. A súa persistencia é un atranco para construírmos unha sociedade igualitaria e xusta. Baixo esta convicción sumámonos á repulsa da súa pervivencia na sociedade galega. O 25 de novembro debe converterse nun novo impulso contra esta lacra social e nun reforzamento da visibilidade desta terríbel violencia.

O Parlamento galego asume o compromiso de defender políticas e alternativas que persigan a eliminación da violencia contra as mulleres; nomeadamente as políticas de prevención e sensibilización social e as alternativas que teñan por cometido mellorar, perfeccionar e ampliar os recursos para amparar ás mulleres que se vexan nunha situación de violencia.

O Parlamento condena enérxicamente a violencia de xénero e fai un chamamento aos poderes públicoss galegos e á sociedade a non baixar a garda ante este grave problema, ser intolerantes coas actitudes machistas, non tolerar a violencia e adicar os esforzos ao seu alcance, co obxectivo de erradicar a violencia contra as mulleres no seo da sociedade galega.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2005